



O Consello Escolar do centro, formado pola Dirección, mestres; representantes da ANPA, pais/nais e Concello, reunidos en Consello o luns 21 de outubro, valoramos os temas seguintes:

- As obras actuais e o alongamento dos prazos de finalización, están a provocar unha morea de inconvenientes e problemas no desenvolvemento da vida escolar. En tales condicións a choiva agrava as molestias na recollida do alumnado.
- A esta situación debemos engadir o comenzo da tan desexada obra do cambio da cuberta do pavillón polideportivo. Esta obra por motivos de xestión económica do Concello de Carral non se pode retrasar máis. Engade dificultades á vida escolar e extraescolar, a seguridade para o alumnado non está garantida. Por outra banda o centro está a realizar unha ampla reforma na biblioteca escolar que por mor das obras do interior do colexio non se puido rematar no verán.

Por todo o exposto e despois de avaliar diferentes opcións para subsanar os problemas de seguridade e loxística, acordamos:

1º. Retrasar o comenzo das actividades extraescolares do interior do colexio ata que o centro dispoña de espazos en condicións de seguridade para o seu uso; probablemente se corresponda co 1º trimestre.

2º. Modificar **provisionalmente** a organización de saída e entrega do alumnado; a idea é saír de xeito ordenado: primeiro o alumnado de transporte (para intentar deixar o máis baleiro posible o espazo do patio); segundo, o alumnado de Educación infantil; e terceiro, Educación primaria en orde ascendente.

A organización a seguir será a seguinte:

### SAÍDAS.

**O ACCESO DAS FAMILIAS PARA RECOLLER AO ALUMNADO SERÁ SEMPRE POLA PORTA DE CASA. PREGAMOS QUE NO ENTORPEZAN A ZONA DE AUTOBUSES E SIGAN AS INSTRUCIÓNS DO PERSOAL DO CENTRO.**

**Para unha entrega máis áxil, é recomendable que vaian entrando antes as familias do niveis máis baixos.**

### **LUNS.**

**14:25-** Ed Infantil é entregado como habitualmente pero polo patio cuberto.

**14:35-** Os autorizados a saír sós de 6º e 5º saen.



**15:30-** As familias entran no patio cuberto pola porta de casa para recoller ao alumnado que queda en comedor e entrégase por niveis por parte das coidadoras. **As familias deberán colocarse diante das portas de emerxencias.**

**16:30-** Saen os autobuses co alumnado transportado.

### **MARTES / MÉRCORES / XOVES.**

**14:25-** Ed Infantil é entregado como habitualmente pero polo patio cuberto.

**14:35-** Os autorizados a saír sós de 6º e 5º saen.

**15:30-** Saen os autobuses.

- **Tan pronto como marchan os autobuses, as familias entran no patio cuberto pola porta de casa para recoller ao alumnado que queda en comedor e entrégase por niveis por parte das coidadoras. As familias deberán colocarse diante das portas de emerxencias.**

### **VENRES.**

**13:20-** O alumnado de bus baixa para as filas e suben nos buses. Os autorizados a saír sós de 6º e 5º saen.

- **Tan pronto como marchan os autobuses, as familias entran no patio cuberto pola porta de casa para recoller ao alumnado de casa. As familias deberán colocarse diante das portas de emerxencia.**

O alumnado será entregado polo mestre correspondente seguindo unha orde ascendente; primeiro Ed. Infantil e por último 6º de Educación primaria.

**AQUELAS FAMILIAS QUE SE RETRASEN NA RECOLLIDA DO ALUMNADO, DEBERÁN AGARDAR A QUE O RESTO DOS NIVEIS REMATEN E QUE O MESTRE QUE CORRESPONDA REALICE A ENTREGA .**

Somos conscientes da molestia que todo isto representa, de difícil solución xa que non depende directamente de nos, polo que solicitamos comprensión e paciencia. Seguiremos presionando á Consellería tanto dende o Concello , como o equipo directivo e a ANPA para que a obra finalice o antes posible.

Toda a Comunidade Educativa está a sufrir diferentes trastornos e molestias segundo a nosa función no centro, e todos deberemos axudar para o mellor funcionamento da organización.

Moitas grazas pola súa colaboración.

Carral a, 24 de outubro de 2019

A presidenta do Consello Escolar: Mar Domínguez Pacheco

